



Programa

# Retorna Cualifica Empleo

---



## Preguntas frecuentes

1. Que é o Programa Retorna Cualifica Empleo? Cal é a súa finalidade?.....	3
2. Que empresas poden participar no Programa? .....	3
3. Que persoas poden participar no Programa?.....	3
4. Quen executa o programa?.....	5
5. Que tipo de contrato laboral se formalizará?.....	5
6. Cales son os trámites que terá que realizar a empresa para participar no Programa Retorna Cualifica Empleo? .....	5
7. Como actuamos coa persoa candidata seleccionada pola empresa?.....	6
8. É imprescindible a formación?.....	7
9. Cando pode realizar a formación a persoa participante? .....	7
10. Temos o compromiso de contratación da empresa e o compromiso da persoa participante, cando se formaliza o contrato e a posta a disposición da persoa candidata?.....	7
11. Que documentación se debe proporcionar á Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade e cando se debe presentar? .....	8
12. Como se deben presentar as ofertas de emprego?.....	9
13. Que datos identificativos deben figurar no formulario?.....	9
14. Que outros datos son importantes ou necesarios para cubrir axeitadamente o formulario de oferta?.....	9
15. Podo indicar calquera ocupación? .....	10
16. Que requirimentos poden establecerse nas ofertas? .....	10
17. Como se obteñen as candidaturas por parte do SPEG? .....	10
18. As persoas candidatas poden contactar directamente coa entidade empregadora? .....	11
19. Como se remiten os currículos das persoas candidatas?.....	11
20. Cantas candidaturas por posto remitirá o SPEG? .....	11
21. Cando se emite o certificado acreditativo da publicación e tramitación da oferta polo SPEG? .....	12
22. Que sucede no caso de que algunha das candidaturas achegadas sexa seleccionada pola entidade empregadora?.....	12
23. Como podo contactar para resolver calquera dúbida que poida xurdir dentro do proceso de tramitación da oferta de emprego no SPEG?.....	12

## Preguntas frecuentes

### 1. Que é o Programa Retorna Cualifica Empleo? Cal é a súa finalidade?

O Programa Retorna Cualifica Empleo é un programa **dirixido a promover entre a poboación galega residente no estranxeiro e a súa descendencia**, o seu retorno a Galicia. Para estes efectos, considerarase como área xeográfica prioritaria de referencia os países de Arxentina, Uruguai, Venezuela, Cuba, Brasil, Reino Unido, Francia, Alemaña e Suíza, sen prexuízo de que poida atenderse a demanda de calquera persoa que, reunindo os requisitos, poida residir noutro país.

**A finalidade** do Programa Retorna Cualifica Empleo **é que aquelas persoas que contan cun plan de cualificación e empregabilidade, subscriban un contrato de traballo** cunha duración mínima de 12 meses, que no caso de ser un contrato de traballo fixo-descontinuo esa duración mínima será de 15 meses, dos cales o período de actividade será como mínimo de 9 meses.

Co fin de aclarar graficamente o procedemento do Programa Retorna Cualifica Empleo, presentamos ao final deste documento un fluxograma que representa cronoloxicamente as diferentes actuacións a realizar.

### 2. Que empresas poden participar no Programa?

**Poderán participar as empresas con centros de traballo en Galicia interesadas na contratación de persoas traballadoras migrantes galegas** que participen no Programa Retorna Cualifica Empleo e coas que se comprometan a formalizar o correspondente contrato de traballo.

### 3. Que persoas poden participar no Programa?

**1. As persoas destinatarias finais do Programa Retorna Cualifica Empleo serán persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes no exterior**, que estean interesadas en integrarse laboralmente en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser menor de 55 anos.

## Preguntas frecuentes

- c) Residir fóra de España.
- d) Acreditar un mínimo dun ano de residencia fóra de España inmediatamente anteriores á data de inicio de participación no Programa Retorna Cualifica Empleo.
- e) Estar vinculado a Galicia por algún destes xeitos:
  - e.1. Ser emigrante nacido en Galicia.
  - e.2. Ser emigrante non nacido en Galicia, pero ter residido en Galicia de forma continuada durante seis (6) anos con nacionalidade española antes de emigrar.
  - e.3. Ser descendente por consanguinidade de emigrante nacido/a en Galicia, sempre que a persoa solicitante nacesse no estranxeiro.
- f) No caso das persoas nadas no estranxeiro, estaren vinculadas a un concello galego. Este requisito poderá acreditarse con posterioridade, pero sempre antes de que a persoa formalice o contrato de traballo.

**2.** Poderán tamén participar nas accións do Programa Retorna Cualifica Empleo **o resto das persoas integrantes da unidade familiar que**, sen reunir os requisitos establecidos no apartado 1 anterior, **estean tamén en disposición de aceptar un contrato de traballo en Galicia e consonte aos requisitos que a normativa que sexa de aplicación esixa** (permisos temporais de residencia, de traballo e calquera outro que sexa necesario). Para os efectos de participar neste programa, considéranse integrantes da unidade familiar da persoa participante que posúa a nacionalidade española, os seguintes:

- a) O/A cónxuxe, sempre que non recaera acordo ou declaración da nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal;
- b) A parella coa que se manteña unha relación análoga á conxugal inscrita nun rexistro público establecido a estes efectos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Espazo Económico Europeo, que impida a posibilidade de dous rexistros simultáneos no dito Estado, e sempre que non se tivera cancelado a dita inscrición, o que deberá ser suficientemente acreditado. As situacións de matrimonio e inscrición como parella rexistrada consideraranse, en todo caso, incompatibles entre si.

## Preguntas frecuentes

#### 4. Quen executa o programa?

O Programa Retorna Cualifica Empleo está financiado pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade.

Para a execución do programa a Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade asinou os correspondentes convenios de **colaboración coa Fundación Nortempo e coa Fundación Venancio Salcines**, que serán as encargadas de desenvolver as accións dirixidas a promover o retorno a Galicia de persoas galegas residentes no estranxeiro.

#### 5. Que tipo de contrato laboral se formalizará?

Un contrato de traballo cunha duración mínima de 12 meses, que no caso de ser un contrato de traballo fixo-descontinuo esa duración mínima será de 15 meses, dos cales o período de actividade será como mínimo de 9 meses.

#### 6. Cales son os trámites que terá que realizar a empresa para participar no Programa Retorna Cualifica Empleo?

Con carácter previo a empresa solicitará a adhesión ao programa a través do protocolo de adhesión.

Realizada a solicitude de adhesión presentará, a través das fundacións conveniadas, a oferta de emprego no modelo normalizado (accesible con dispositivos móbiles a través do código QR da dereita ou pulsando co botón esquerdo do rato se se accede desde un computador) que será obxecto de difusión a través do Servizo Público de Empleo de Galicia (SPEG).



A empresa asinará o correspondente compromiso de contratación coa fundación conveniada ofertando o/s posto/s de traballo ás persoas participantes do Programa Retorna Cualifica Empleo. Dende a fundación porán a disposición da persoa empregadora os currículos das persoas participantes idóneas, para que esta decida a persoa candidata final.

## Preguntas frecuentes

**De haber persoas candidatas no SPEG** que estean dispoñibles e cumpran os requisitos para o posto ofertado, o SPEG **enviará os seus currículos á empresa para que realice a selección e comunique posteriormente o resultado.**

**O SPEG emitirá un certificado acreditativo** da publicación no portal de emprego e tramitación da oferta con ou sen envío de persoas candidatas segundo proceda.

**A fundación declarará responsablemente que a persoa candidata seleccionada cumpre con todos os requisitos establecidos** na cláusula terceira do convenio de colaboración así como os requisitos de experiencia e formación que se recollían na oferta de emprego publicada no SPEG. Esa declaración responsable será anexada á ficha da persoa participante que se entregará no momento da xustificación final.

### 7. Como actuamos coa persoa candidata seleccionada pola empresa?

A persoa candidata deberá asinar o compromiso de permanencia. Unha vez asinado se lle dotará dos recursos de formación e cualificación necesarios que poidan ser de interese para complementar a cualificación profesional que demande o posto. **Elaborarase un plan personalizado de cualificación e empregabilidade** no que se recollan aquelas capacidades que poidan ser necesarias completar cara a obtención do posto de traballo.

Polo tanto, nese plan personalizado, no que atinxe ao ámbito de formación, **poderá comprender** diferentes tipoloxías de formación:

**a) Formación en competencias clave nivel 2 e nivel 3:** a actuación no que atinxe a esta formación por parte de Fundación consistirá en poñer en coñecemento e prestar a asistencia que necesite a persoa participante para o acceso de xeito libre e gratuito aos contidos formativos que están dispoñibles no campus virtual da Consellería e que conta ademais cun servizo de titorización.

**b) Accións formativas relacionadas co sector produtivo e posto de traballo ofertado** pola empresa, xa que terá como obxectivo reforzar a capacitación profesional da persoa permitíndolle adquirir, actualizar, reciclar e completar o perfil de competencias profesionais axeitadas a ese posto de traballo que se lle oferte.

## Preguntas frecuentes

**c) Competencias dixitais:** desenvolvemento das destrezas necesarias para empregar as TIC como ferramenta no ámbito laboral (creación de correo electrónico, uso de navegadores de internet...)

**d) Habilidades brandas** (traballo colaborativo e en equipo, comunicación, negociación, xestión do estrés, creatividade, capacidade de adaptación, flexibilidade, actitudes...)

As horas de formación das letras **b) + c) + d)** non poderá superar en total as 100 h, coa distribución desas horas entre bloques que se considere axeitada en función do perfil da persoa participante.

### 8. É imprescindible a formación?

Si. Aínda que o obxectivo final é a contratación da persoa participante, é imprescindible que reciba as accións de formación.

### 9. Cando pode realizar a formación a persoa participante?

As accións de formación e cualificación que conteña o plan individualizado **podrán ser realizadas pola persoa con carácter previo** ao seu traslado a Galicia para ocupar o posto de traballo ofertado, **ou unha vez estea xa incorporada ao dito posto de traballo.**

### 10. Temos o compromiso de contratación da empresa e o compromiso da persoa participante, cando se formaliza o contrato e a posta a disposición da persoa candidata?

Coa sinatura do compromiso de contratación a empresa se compromete a formalizar o correspondente contrato de traballo con carácter previo ao retorno das persoas candidatas, ou de ser o caso, no momento en que estas persoas se atopen en Galicia. En todo caso, **a relación laboral deberá iniciarse no prazo máximo de 1 mes dende a sinatura do contrato.**

De non ser posible a sinatura do contrato de traballo antes do retorno da persoa seleccionada, será necesaria a formalización dun precontrato asinado

## Preguntas frecuentes

polas dúas partes comprometéndose a asinar o contrato laboral unha vez que a persoa seleccionada chegue a Galicia.

Tendo en conta o disposto no parágrafo anterior, **a fundación encargárase das xestións para o traslado da persoa participante** (expedición de documentos de viaxe, incluídos os billetes de traslado...), **aboamento da axuda económica de 1.300 euros para cubrir os primeiros gastos de instalación** en Galicia e seguimento e acompañamento das persoas contratadas durante un período de tres meses dende o inicio da relación laboral.

Todas estas accións pertencen ao eixo de contratación e por suposto terán que ser comunicadas tanto na información mensual como tamén deberá figurar nas correspondentes fichas das persoas participantes.

### 11. Que documentación se debe proporcionar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cando se debe presentar?

**Todas as accións** que se realicen cunha persoa participante ou empresa (en calquera dos 3 eixos de divulgación, formación ou contratación) **teñen que ser comunicadas mensualmente** á Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego a través dun ficheiro en formato de folla de cálculo que permita realizar o seguimento das accións.

Ademais, a fundación deberá contar cun ficheiro/documento por cada unha das persoas participantes onde se recolla toda a información das accións realizadas con cada unha delas e que se presentará na "memoria de persoas participantes" no momento da xustificación final (***data límite de presentación o 12 de decembro de 2023 e comprenderá todas as actuacións realizadas ata o 30 de novembro, tal como recolle o convenio de colaboración na cláusula sétima***).



## Preguntas frecuentes

## 12. Como se deben presentar as ofertas de emprego?

**As ofertas serán tramitadas polo servizo de intermediación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.**

A presentación do formulario de oferta (accesible con dispositivos móbiles a través do código QR da dereita ou pulsando co botón esquerdo do rato se se accede desde un computador) cuberto e asinado debe realizarse enviándoo a través das fundacións anteriormente mencionadas no seguinte enderezo electrónico:



[prospeccion.emplogo.galicia@xunta.gal](mailto:prospeccion.emplogo.galicia@xunta.gal)

## 13. Que datos identificativos deben figurar no formulario?

Aínda que a presentación se realice a través da fundación, **a oferta e o certificado acreditativo da publicación e tramitación da oferta tramítase para unha entidade empregadora en concreto**, polo que tanto o documento identificativo como o enderezo electrónico que deben figurar no modelo de oferta deben ser os da entidade empregadora, **salvo que a fundación presente unha autorización.**

## 14. Que outros datos son importantes ou necesarios para cubrir axeitadamente o formulario de oferta?

Ademais dos datos obrigatorios (CIF/NIF, número de postos, datos de contacto, relación contractual, situación do posto, ocupación e nivel profesional), **é importante cubrir todos os requirimentos do posto ofertado** para que as sondaxes e as candidaturas obtidas tras difundir a oferta encaixen o mellor posible co posto ofertado.

## Preguntas frecuentes

### 15. Podo indicar calquera ocupación?

**A ocupación escollida debe coincidir cun código nacional de ocupación (CNO) existente** para poder rexistrar a oferta.

Poden consultarse as ocupacións con CNO (accesible con dispositivos móbiles a través do código QR da dereita ou pulsando co botón esquerdo do rato se se accede desde un computador), sendo recomendable escoller un CNO a 8 díxitos para maior adecuación da ocupación escollida aos requirimentos do posto.



No caso de non atopar unha ocupación que se axuste ao posto, pode recibir asesoramento sobre a selección do CNO nos seguintes teléfonos:



881 99 58 63 | 881 99 58 61 | 881 99 58 60

### 16. Que requirimentos poden establecerse nas ofertas?

A entidade empregadora **pode solicitar todos aqueles requirimentos de experiencia e formación relacionados co posto de traballo ofertado.**

### 17. Como se obteñen as candidaturas por parte do SPEG?

O servizo de intermediación **rexistrará a oferta e obterá as candidaturas por medio de dúas vías:**

**a) Sondaxe en ámbito supramunicipal:** realizarse unha **busca no ámbito da comarca** segundo o posto de traballo e comprobarase a dispoñibilidade das candidaturas obtidas.

## Preguntas frecuentes

**b) Difusión da oferta:** promoverase a difusión da oferta durante 5 días **no portal de Empleo Galicia** (accesible con dispositivos móbiles a través do código QR da dereita ou pulsando co botón esquerdo do rato se se accede desde un computador), **no Sistema Nacional de Empleo e na Rede Eures**. As persoas usuarias poderán solicitala a través da oficina virtual de emprego ou do teléfono 012. A candidatura será valorada polo servizo de intermediación e remitida á entidade empregadora no caso de que cumpra os requisitos.



## 18. As persoas candidatas poden contactar directamente coa entidade empregadora?

Non. **Os datos de contacto que figuran na publicación son os da entidade que tramita a oferta**, salvo que a entidade empregadora solicite expresamente que contacten nun enderezo electrónico ou teléfono concreto.

## 19. Como se remiten os currículos das persoas candidatas?

Como procedemento ordinario, para maior axilidade, a remisión dos currículos será a **través do envío dos mesmos ao correo electrónico da entidade empregadora indicado no formulario de oferta**.

Poden acordarse coa entidade empregadora outros métodos de envío das candidaturas.

## 20. Cantas candidaturas por posto remitirá o SPEG?

O servizo de intermediación **remitirá todas as candidaturas obtidas por sondaxe** ou difusión que cumpran os requisitos da oferta e manifesten a súa dispoñibilidade.

## Preguntas frecuentes

## 21. Cando se emite o certificado acreditativo da publicación e tramitación da oferta polo SPEG?

O SPEG emitirá un certificado que acredite a tramitación e publicación con envío de candidaturas **no momento que as achegue á entidade empregadora.**

No caso de non ter candidaturas ao finalizar o período de difusión (5 días), **emitirá un certificado que acredite a tramitación e publicación** da oferta sen envío de candidaturas.

## 22. Que sucede no caso de que algunha das candidaturas achegadas sexa seleccionada pola entidade empregadora?

**Neste caso pecharase a oferta por cobertura**, deixará de estar en difusión no portal de Empleo Galicia e **concluirá o proceso de selección** para este posto.

## 23. Como podo contactar para resolver calquera dúbida que poida xurdir dentro do proceso de tramitación da oferta de emprego no SPEG?

Pode remitir un correo electrónico a:



[prospeccion.emplo.galicia@xunta.gal](mailto:prospeccion.emplo.galicia@xunta.gal)


ou chamar aos teléfonos:



881 99 58 63 | 881 99 58 61 | 881 99 58 60

Preguntas frecuentes

Anexo: Fluxograma cronolóxico das actuacións a realizar no proceso





XUNTA  
DE GALICIA